



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
DELEGACIÓN DIOCESANA DO CLERO
R./ Miramar s.n. Apdo. 176 - 15480 - Ferrol
981 353 892 – 670 248 594
delegacionclero@mondonedoferrol.org

Ferrol, 16 de xuño de 2023

Estimado compañeiro xa case ao remate deste curso pastoral, pñoome en comunicación para informarte do seguinte:

Suspendeuse a **EXCURSIÓN DO CLERO** prevista para o martes 20 a Monforte de Lemos. Só se anotaron catro compañeiros e ademais coincide que o bispo non podería participar, xa que ten ao seu pai moi grave e desplazouse hoxe a Burgos.

Recordarche que temos os **EXERCICIOS ESPIRITUAIS** en **Mondoñedo do 26, luns, a partir das 12 horas, ata o 30 venres**, despois do xantar. Van ser dirixidos por don Julio Parrilla Díaz, bispo emérito de Riobamba (Ecuador), natural de Ourense e residente en Salamanca. Polos meus informes xa os impartiu en Ourense e en Santiago e os curas quedaron moi satisfeitos. Sería una mágoa non aproveitar esta oportunidade. Ademais, como sabes, os gastos de residencia dos participantes non residentes no Seminario aportaos a Administración diocesana.

E finalmente para que tomes nota na túa axenda, do **11 de setembro ás 10:30 hs. ao 13 a mediodía**, temos as **XORNADAS DE POIO** (Pontevedra) do Clero de Galicia. O tema de formación é “Ser testemuñas nunha sociedade cambiante”. O ano pasado só participamos dous sacerdotes da nosa diocese. É verdade que nos queda algo lonxe, pero creo que algúns máis poderíamos ir. Eu ofrézome para levarvos e traervos a tres de vós. Mandaremos a convocatoria dentro dunhas semanas.

Sen máis, recibe un saúdo fraterno.

Antonio Rodríguez Basanta